



Máis información e recollida de inscricións en:
Casa das Asociacións de Cornes
Rúa Manuel Beiras, nº 3. - Telf.: 981 542 350
participacioncidadá@santiagodecompostela.org
Horario de atención:
Martes e Venres de 16:30 h. a 21:30 h.
Sábados de 10:00 h. a 14:00 h. e de 16:30 h. a 21:30 h.

IMOS COA ASOCIACIÓN 2012

Viaxes e excursións para AA.VV. de ámbito rural de Santiago de Compostela
+Info en www.santiagodecompostela.org

VIAXES E EXCURSIÓNS PARA ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS DO ÁMBITO RURAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FINALIDADE:

Achegar unha oferta específica de excursións e viaxes organizadas para as asociacións de veciños do ámbito rural de Santiago que facilite o goce e o encontro en convivencia coa veciñanza das distintas parroquias interesadas.

OBXECTIVO XERAL:

Dar a coñecer a riqueza patrimonial propia de diversos contornos tanto da nosa comunidade como doutros destinos de interese fora dela.

Dar resposta desde as Concellarías de Participación Cidadá e de Medio Rural ás demandas detectadas do rural e das súas asociacións que solicitan un programa específico de excursións e viaxes.

DESTINATARIOS:

Asociacións de veciños do ámbito rural do Concello de Santiago, inscritas no censo municipal de asociacións.

PROGRAMA E DESTINOS OFERTADOS:

O programa artéllase arredor de 4 viaxes e 10 excursións cos seguinte destinos:

Viaxes:

- 01_ Ponferrada-As Médulas
 - 02_ Fátima
 - 03_ Asturias
 - 04_ León-cuevas de Valporquero
- Excursións:
- 05_ Fisterra
 - 06_ Viveiro
 - 07_ Baiona - Valença - Pontevedra
 - 08_ Ourense
 - 09_ Braga

- 10_ Lugo
- 11_ Ribeira Sacra, Canóns do Sil
- 12_ Illas Cíes
- 13_ Especial día de praia: Praia de Montalvo (Portonovo)
- 14_ Especial día de praia: Praia de Miño

CALENDARIO:

As excursións e viaxes, poderán realizarse desde o mes de maio ata o mes de novembro, agás as que teñen como destino ás Illas Cíes e a Ribeira Sacra que por estar suxeitas á operatividade de medios de transporte, terán que realizarse entre os meses de xuño a setembro.

PREZO:

O prezo final que o participante paga no caso das excursións se corresponde co gasto derivado do autobús, o Concello de Santiago financia o custo derivado tanto do/a guía e seguros das excursións.

No caso das viaxes, o Concello faise cargo do custo derivado do/a guía.

A porcentaxe do gasto financiado polo Concello é dun 40% do custe global da actividade

As asociacións deberán facer un pagamento conxunto pola totalidade das persoas que participan na excursión, a través do ingreso na conta bancaria que indique a organización.

CONDICIÓNS E REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA

1. Poderán participar na convocatoria todas aquelas asociacións veciñais do ámbito rural, inscritas no rexistro municipal de asociacións.

2. Cada asociación poderá escoller entre solicitar

- a) dúas excursións
- b) unha viaxe do programa ofertado

3. Establécese un mínimo de participación por parte de cada asociación de 35 persoas e un máximo de 55 para cada excursión e para as viaxes un número mínimo de 50 e un máximo 55.

4. Abrirase o prazo do 27 de marzo ao 12 de abril de 2012, para que as entidades veciñais interesadas se comuniquen coa Casa das asociacións, no horario de atención deste programa, Martes a venres de 16.30h a 21.30h Sábados de 10.00h a 14.00 e 16.30h a 21.30h, facendo a petición expresa por escrito na correspondente solicitude, segundo o modelo oficial, no que indicarán a data na que están interesados en dispor da excursión e/ou a viaxe.

5. Rematado este prazo e por rigorosa orde na chegada das solicitudes, compoñerase o calendario de excursións e viaxes solicitados polas AA.VV., que terán resposta por escrito a través de correo electrónico, da correspondente asignación de participación, na semana do 23 de abril de 2012.

6. Unha vez asignada a excursión e/ou viaxe, cada AA.VV. deberá achegar á Casa das asociacións, no horario indicado, a listaxe de participantes na que deben aparecer os seguintes datos: NOME, APELLIDOS, DNI e DATA DE NACEMENTO, de todas as persoas participantes na excursión. En caso dun menor sen DNI, aparecerá tamén na listaxe co nome e apelidos, pois irá cuberto polo seguro de responsabilidade civil. Ao entrar no autobús será obrigatorio identificarse co DNI e, non se admitirá a ningún que non apareza no listado da excursión. As listaxes presentaranse de maneira que se entendan todos os datos e, as escritas a man virán cubertas con letra maiúscula e clara.

7. Prazo de entrega das listaxes: A data límite será o mércores da semana en que se leve a cabo a excursión. Non se admitirán listaxes despois deste día. Se non se entregan as listaxes a tempo, a excursión será suspendida.

8. Horarios: xeralmente, as saídas serán as marcadas pola organización e faranse as paradas necesarias para recoller aos participantes, mais sempre dentro da parroquia da asociación. Farase unha pequena parada para tomar algo a medio camiño antes de comezar a ruta e tamén á volta a casa.

9. Xantar: a contratación do xantar nos restaurantes correrá por conta da asociación. Facilitaranse por parte da organización datos sobre algúns restaurantes que deberán ser contratados directamente polas asociacións, que acordarán co establecemento o tipo de menú, o prezo, etc. Con todo, as asociacións serán libres de escoller calquera outro restaurante, sempre e cando se sitúe na zona ou localidade determinada pola organización. O horario de comezo do xantar será entre 14:00-14:30.

10. Bus: manterase en todo momento un comportamento correcto, seguindo as indicacións da persoa encargada da monitoraxe. Non se poderá comer no bus nin estar de pé co vehículo en marcha.

11. Variacións nos itinerarios: serán debidas á imposibilidade de poder acceder esa xornada e nese horario a un lugar ou monumento determinado. En calquera caso, as modificacións serán comunicadas con tempo suficiente ás directivas das AA.VV. para que llelas fagan chegar aos asistentes.

12. Na publicidade, comunicacións e referencias en revistas e outras publicacións, relativas ás excursións e viaxes do programa farase constar que son promovidas polo Concello de Santiago e organizadas pola axencia de viaxes Bustelo.

EXCURSIÓNS E VIAXES DIRIXIDAS A ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS DO ÁMBITO RURAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 2012

Espazo reservado a cubrir pola Administración

Data de entrega

Hora

D/Dna *en representación da entidade veciñal:*

co DNI:

correo electrónico *a efectos de comunicación e notificacións:*

Teléfono de contacto:

- solicita participar no programa **“Imos coa asociación 2012”** nas seguintes excursións e viaxes, marque cun X as que procedan (máximo 2 excursións ou 1 viaxe) e indique a data na que solicita desenvolver a actividade.

Destinos excursións (1 día)	Data solicitada	Prezos con IVE 8% (BUS 55 PAX)	TOTAL €
<input checked="" type="checkbox"/> Fisterra		356,40 €	
<input checked="" type="checkbox"/> Viveiro		518,40 €	
<input checked="" type="checkbox"/> Baiona - Valença - Pontevedra		399,60 €	
<input checked="" type="checkbox"/> Ourense		388,80 €	
<input checked="" type="checkbox"/> Braga		475,20 €	
<input checked="" type="checkbox"/> Lugo		388,80 €	
<input checked="" type="checkbox"/> Ribeira Sacra, Canóns do Sil		399,60 € + barco -11 €/persoa	
<input checked="" type="checkbox"/> Illas Cíes		356,40 € + barco -14 €/persoa 16 € (15 de xullo a 31 de agosto))	
Especial día de praia			
<input checked="" type="checkbox"/> Praia de Montalvo (Portonovo)		356,40 €	
<input checked="" type="checkbox"/> Praia de Miño		378,00 €	
Viaxes (2 días):		Prezos con IVE 8% (BUS + SEGURO INC. NA VIAXE)	
<input checked="" type="checkbox"/> Ponferrada - As Médulas		1.188 € + 320 € + hotel e comidas (78 €) 4.290 €	5.798,00 €
<input checked="" type="checkbox"/> Fátima		1.404 € + 311 € + hotel e comidas (68,50 €) 3.767,50 €	5.482,50 €
<input checked="" type="checkbox"/> Asturias		1.242 € + 310 € + hotel e comidas (67,50 €) 3.712,50 €	5.264,50 €
<input checked="" type="checkbox"/> León - Cuevas del Valporquero		1.242 € + 335 € + hotel e comidas entrada cova (93 €)	6.692,00 €

As excursión con destino ás Illas Cíes e a Ribeira Sacra, por estar suxeitas á operatividade de medios de transporte, terán que realizarse entre os meses de xuño a setembro. **COÑEZO E ACEPTO**, as condicións de participación establecidas nesta campaña.
Sinatura